

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 1 de decembro de 2025, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

DÍA: 1 de decembro de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/42G/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 24 de novembro de 2025.

2. 2025/14755P PRESIDENCIA

Ratificación do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Cenlle para o financiamento e execución do Proxecto de “Acondicionamento do campo de fútbol de Cenlle”.

3. 2025/15077P PRESIDENCIA

Ratificación do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Viana do Bolo para o financiamento e execución das obras de “Construción campo de fútbol de herba artificial As Carretas, en Viana do Bolo”.

4. 2025/15084S PRESIDENCIA

Ratificación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento e execución das obras de “Construción de Polideportivo”.

5. 2025/15094W PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Colectivo Hércules, para Uros OCR Toén correspondente ao ano 2025. Importe: 12.000,00 euros.

6. 2025/15279A PRESIDENCIA

Subvención a favor da entidade Sociedad Recreativa Club Artístico Ribadavia, para melloras na sede do Club Artístico Ribadavia. Importe: 30.000,00 euros.

7. 2025/20422V PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Nogueira de Ramuín, para Proxecto de beirarrúas e soterramento de redes na travesía de San Miguel, no Concello de Nogueira de Ramuín. Importe: 95.200,00 euros.

8. 2025/20715B PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello da Peroxa, para creación de Praza Pública en Pousada. Importe: 15.000,00 euros.

9. ASUNTOS DE URXENCIA.

10. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.

